

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

12484 Orde HFP/1978/2016, do 28 de decembro, pola que se aproba o modelo 231 de Declaración de información país por país.

O Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 634/2015, do 10 de xullo (en diante, Regulamento do imposto sobre sociedades), recolle modificacións substanciais en relación coas operacións realizadas entre persoas e entidades vinculadas.

Deste xeito, faise eco das conclusións adoptadas no denominado Plan de acción «BEPS», isto é, «Base Erosion and Profit Shifting» (o Plan de acción contra a erosión da base imposable e o traslado de beneficios) que se elabora no ámbito da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), e, en concreto, en relación coa acción 13, relativa á información e documentación das entidades e operacións vinculadas. Con base niso, introdúcese como novidade a información país por país, como instrumento que permitirá avaliar os riscos na política de prezos de transferencia dun grupo mercantil, sen que en ningún caso o dito instrumento poida servir de base á Administración tributaria para realizar axustes de prezos. Esta información será exigible para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2016 a través do modelo aprobado por esta orde ministerial.

Neste sentido, no capítulo V «Información e documentación sobre entidades e operacións vinculadas» do título I do Regulamento do imposto sobre sociedades, distínguense dous tipos de obrigas, as de documentación e as de información. En canto á obriga de información, regúlanse, pola súa vez, dúas obrigas de información diferenciadas cuxos prazos de declaración son diferentes.

Por unha parte, o artigo 13.1 do Regulamento do imposto sobre sociedades establece a obriga de achegar a información país por país, cuxo contido se concreta no artigo 14 do Regulamento do imposto. O prazo para presentar esta información conclúe transcorridos doce meses desde a finalización do período impositivo.

Por outra parte, o artigo 13.4 do Regulamento do imposto sobre sociedades establece que o contribuínte deberá incluír, nas declaracións en que así se prevea, a información relativa ás súas operacións vinculadas nos termos que se establezan mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas. Con base nesta habilitación, na Orde HAP/871/2016, do 6 de xuño, pola que se aproban os modelos de declaración do imposto sobre sociedades e do imposto sobre a renda de non residentes correspondente a establecementos permanentes e a entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español, para os períodos impositivos iniciados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015, se ditan instrucións relativas ao procedemento de declaración e ingreso e se establecen as condicións xerais e o procedemento para a súa presentación electrónica, e se aproba o documento normalizado de documentación específica de operacións con persoas ou entidades vinculadas para entidades que cumpran os requisitos do artigo 101 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, aprobáronse dous cadros informativos para o efecto de cumprir coa obriga prevista no citado artigo 13.4 do Regulamento do imposto.

Así mesmo, cómpre mencionar a recente aprobación da Directiva (UE) 2016/881 do Consello, do 25 de maio de 2016, que modifica a Directiva 2011/16/UE no que respecta ao intercambio automático obrigatorio de información no ámbito da fiscalidade. A citada directiva regula no ámbito da Unión Europea o informe país por país que os «grupos de empresas multinacionais» deben facilitar cada ano e para cada territorio fiscal en que operen, co obxecto de garantir que en toda a Unión se recompila a mesma información e que se lles facilite oportunamente ás administracións tributarias.

Neste sentido, deberán achegar a información país por país, a que se refire o artigo 8 bis bis número 3 da Directiva 2011/16/UE, que foi introducido pola Directiva (UE) 2016/881, e o artigo 14 do Regulamento do imposto sobre sociedades, as entidades residentes en territorio español que teñan a condición de dominantes dun grupo, definido nos termos establecidos no artigo 18.2 da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, e que non sexan ao mesmo tempo dependentes doutra entidade. Tamén deberán achegar esta información as entidades residentes en territorio español dependentes, directa ou indirectamente, dunha entidade non residente en territorio español que non sexa ao mesmo tempo dependente doutra ou establecementos permanentes de entidades non residentes, sempre que se produza calquera das circunstancias previstas no artigo 13.1 do Regulamento do imposto sobre sociedades.

Por outra parte, cómpre indicar que, tal e como se establece no artigo 13.1 do Regulamento do imposto sobre sociedades, calquera entidade residente en territorio español que forme parte dun grupo obrigado a presentar a información país por país deberá comunicar á Administración tributaria a identificación e o país ou territorio de residencia da entidade obrigada a elaborar esta información. Esta comunicación deberase efectuar cada ano antes da finalización do período impositivo a que se refira a información e deberá mencionar quen é o obrigado que presenta e se o fai en condición de entidade matriz, entidade filial obrigada ou entidade subrogada. Ben que esta comunicación se pode realizar por calquera medio, para facilitar a súa realización porase á disposición dos contribuíntes a posibilidade de comunicar a información a través da sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A presente orde estrutúrase en cinco artigos, dúas disposicións derradeiras e un anexo.

Así, apróbase no artigo 1 o modelo 231 de «Declaración de información país por país».

Por outra parte, no artigo 2 enumérase o contido que ten que comprender a declaración de información país por país e no artigo 3 establécese o prazo para a súa presentación, sinalando que a declaración de información país por país se poderá realizar desde o día seguinte ao da finalización do período impositivo a que se refira a información que se vai subministrar ata os doce meses seguintes.

O artigo 4 regula a presentación electrónica desta declaración, tanto no que se refire á forma de presentación, como no relativo ás condicións xerais e ao procedemento para a presentación electrónica do modelo 231 de declaración de información país por país, e no artigo 5 establécese o formato e o deseño das mensaxes informáticas en que consiste a declaración.

En canto á obriga de información país por país, o artigo 13.1 do Regulamento do imposto sobre sociedades establece que a subministración da dita información se efectuará no modelo elaborado para o efecto, que se aprobará mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no artigo 98.4 habilita o ministro de Facenda e Administracións Públicas para que determine os supostos e as condicións en que os obrigados tributarios deberán presentar por medios telemáticos as súas declaracións, autoliquidacións, comunicacións, solicitudes e calquera outro documento con transcendencia tributaria.

Por outra parte, o artigo 92.4 da Lei xeral tributaria, habilita a Administración tributaria para sinalar os requisitos e as condicións para que a colaboración social se realice mediante a utilización de técnicas e medios electrónicos, telemáticos e informáticos.

Na súa virtude, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Aprobación do modelo 231 de Declaración de información país por país.*

Apróbase o modelo 231 de «Declaración de información país por país», cuxo contido figura no anexo da presente orde.

A presentación das mensaxes informáticas por medio das cales se presenten as declaracións complementarias ou substitutivas doutra declaración presentada anteriormente que se refira ao mesmo período realizarase de acordo cos requisitos

técnicos que consten no momento da presentación na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria, no enderezo electrónico <https://www.agenciatributaria.gob.es>.

Artigo 2. Contido do modelo 231 de Declaración de información país por país.

1. A declaración de información país por país comprenderá, respecto do período impositivo da entidade dominante, de forma agregada, por cada país ou xurisdición, a seguinte información:

- a) Os ingresos brutos do grupo, distinguindo entre os obtidos con entidades vinculadas ou con terceiros.
- b) Os resultados antes do imposto sobre sociedades ou impostos de natureza idéntica ou análoga a el.
- c) Os impostos sobre sociedades ou impostos de natureza idéntica ou análoga satisfeitos, incluíndo as retencións soportadas.
- d) Os impostos sobre sociedades ou impostos de natureza idéntica ou análoga a el devindicados, incluíndo as retencións.
- e) O importe da cifra de capital e resultados non distribuídos existentes na data de conclusión do período impositivo.
- f) O cadro de persoal medio.
- g) Os activos materiais e investimentos inmobiliarios distintos de tesouraría e dereitos de crédito.
- h) A lista de entidades residentes, incluíndo os establecementos permanentes e actividades principais realizadas por cada unha delas.
- i) Outra información que se considere relevante e unha explicación, de ser o caso, dos datos incluídos na información.

2. Cando a entidade residente en territorio español forme parte dun grupo obrigado a presentar a información país por país, deberanse subministrar tamén a identificación e o país ou territorio de residencia da entidade obrigada a elaborar esta información.

3. A información establecida neste artigo presentarase en euros.

Artigo 3. Prazo de presentación do modelo 231.

A presentación do modelo 231 de «Declaración de información país por país» poderase realizar desde o día seguinte ao da finalización do período impositivo a que se refira a información que se vai subministrar ata que transcorran doce meses desde a finalización do dito período impositivo.

Artigo 4. Forma de presentación, condicións xerais e procedemento para a presentación electrónica do modelo 231 de Declaración de información país por país.

1. A presentación do modelo 231, «Declaración de información país por país», efectuarase por vía telemática a través da internet, de acordo coas condicións xerais previstas nos puntos seguintes.

2. A presentación electrónica da declaración realizarase con suxeición ás condicións e ao procedemento establecidos nos artigos 16 e 17 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución, de natureza tributaria.

Para tal efecto, deberán presentar as mensaxes informáticas en que consiste a declaración de información país por país axustadas ao contido que figura no anexo desta orde.

Non obstante o anterior, e debido ás características inherentes a esta declaración informativa anual, non será de aplicación o disposto no número 2.c) do artigo 16 nin o establecido nos números 1.c), f) e g) do artigo 17 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro.

Se a declaración contén erros, só se aceptarán aqueles rexistros para os cales non exista motivo de rexeitamento. Neste caso, a mensaxe informática de resposta conterá as relacións de rexistros aceptadas e rexeitadas xunto coa expresión do motivo polo cal non foron aceptadas. En caso de rexeitamento, a entidade matriz, filial ou subrogada deberá realizar as correccións necesarias e proceder a unha nova presentación na cal incluírán os rexistros que no seu momento foron rexeitados. Se algún dos rexistros resulta aceptado, a mensaxe informática de resposta incorporará un código seguro de verificación de 16 caracteres, ademais da data e da hora.

Artigo 5. Formato e deseño das mensaxes informáticas.

O formato e deseño das mensaxes informáticas en que consiste a declaración de información país por país, así como os elementos en que se concrete o contido desta, definido no anexo da presente orde, serán os que en cada momento consten na sede electrónica da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución de natureza tributaria.

Inclúese o modelo 231 de «Declaración de información país por país» na relación de declaracións informativas a que se refire o número 3 do artigo 1 da Orde HAP/2194/2013, do 22 de novembro, pola que se regulan os procedementos e as condicións xerais para a presentación de determinadas autoliquidacións, declaracións informativas, declaracións censuais, comunicacións e solicitudes de devolución, de natureza tributaria.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», e será de aplicación por primeira vez para os períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Madrid, 28 de decembro de 2016.–O ministro de Facenda e Función Pública, Cristóbal Montoro Romero.

ANEXO

Identificación da entidade presentadora

Denominación social	NIF
Código da provincia	
Condición pola que presenta o informe país por país:	
<input type="checkbox"/> Matriz <input type="checkbox"/> Entidade subrogada <input type="checkbox"/> Entidade constitutiva	

Identificación do grupo

Denominación ou nome do grupo multinacional	
Denominación social da entidade matriz	NIF para efectos fiscais da entidade matriz
País en que reside	

Visión xeral da repartición de beneficios, impostos e actividades económicas por xurisdición fiscal

Xurisdición fiscal	Ingresos			Beneficios/ (perdas) antes de imposto sobre sociedades	Imposto sobre sociedades ⁽¹⁾ pagado (criterio de caixa)	Imposto sobre sociedades ⁽¹⁾ devengado ano en curso	Capital declarado	Resultados non distribuídos	Número de traballadores	Activos tanxibles distintos de tesouraría e instrumentos equivalentes a tesouraría
	Terceiros	Entidade vinculada	Total							

(1) Indíquese o imposto sobre sociedades ou, de ser o caso, o imposto sobre beneficios análogo.

Lista de todas as entidades integrantes do grupo multinacional incluídas en cada agregación por xurisdición fiscal

Xurisdición fiscal	Entidades integrantes residentes na xurisdición fiscal	Xurisdición fiscal de constitución ou organización, se é distinta da xurisdición fiscal de residencia	Principal(ais) actividade(s) económica(s)													
			Investigación e desenvolvemento	Titularidade ou xestión de propiedade intelectual	Compras ou subministracións	Fabricación ou produción	Vendas, comercialización ou distribución	Servizos de administración, xestión ou apoio	Prestación de servizos a entidades non asociadas	Finanzas internas do grupo	Servizos financeiros regulados	Seguros	Titularidade de accións ou outros instrumentos representativos de capital	Sen actividade	Outra ⁽²⁾	
	1.															
	2.															
	3.															
	1.															
	2.															
	3.															

(2) Indíquese a natureza da actividade da entidade integrante na sección "Información adicional".

Información adicional

Inclúase de maneira sucinta a información ou explicacións adicionais que se consideren necesarias ou que faciliten a comprensión da información preceptivamente consignada no informe país por país